

## MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE

Un 25 de novembro máis temos que alzar a nosa voz para berrar un **NON** rotundo á violencia contra as mulleres: mesmo onte outra muller foi asasinada polo terrorismo machista en Fuenlabrada.

Dicimos **NON** porque neste preciso momento unha muller ou unha nena está sendo asasinada, violada, maltratada, acosada, mutilada, vendida, usada como escrava sexual ou queimada con ácido por ir á escola ou por negarse a casar cun home escollido pola súa familia.

Dicimos **NON** a unha sociedade desigual na que o home se converte na medida do aceptable, que invisibiliza as mulleres e minimiza e banaliza a violencia contra a muller.

Como nos di **Phumzile Mlambo-Ngcuka**, Directora Executiva de ONU Mulleres, “para acabar con esta **PANDEMIA** é necesario o compromiso e a inversión a nivel nacional e internacional xa que a violencia contra as mulleres e as nenas ten consecuencias devastadoras para as persoas e a sociedade.

As mulleres e as nenas que son vítimas da violencia perden a súa dignidade, viven con medo e con dor e, no peor dos casos, págano coa súa vida. A violencia recorta as súas liberdades: a sentirse seguras nas súas casas, o dereito a camiñar con seguridade polas rúas, o dereito á escolarización, o dereito ao traballo, o dereito a acudir ao

mercado ou o dereito a ir ao cine. Deberían poder esperar que se castigue aos seus agresores, a que se faga xustiza e a recibir os coidados e o apoio polas lesións sufridas”.

Por todo isto dicimos **SÍ a unhasociedade equitativa e igualitaria**, na que as mulleres e as nenas non sexan moeda de cambio, garantes dun honor familiar que as condena, que poidan saír á rúa sen temor, vestir como queiran, amar a quen queiran, disfrutar do seu corpo, elixir libremente a súa parella e non seren asesinadas ou maltratadas por homes que as consideran unha propiedade.

**É o noso momento.** Temos que ser todas e todos conscientes da nosa capacidade para tornar as cousas, para crer en nós mesmas e para desenvolvernos como mulleres libres, seguras, capaces, creativas e valentes. Mulleres e nenas que camiñen en **PÉ DE IGUALDADE** e que non permitan en ningún caso e circunstancia que haxa homes que lles corten as súas ás para voar onde queren.

**POR UN MUNDO SEN VIOLENCIA MACHISTA:  
IGUALDADE, EQUIDADE E LIBERDADE.**